Saban todos quantos esta carta de procuraçón viren commo nós don Johán Fernande , prior do moesteiro de Sayoanne de Caaveiro, en un con Johán Lope et Afonso Garçía e Johán do Sisto e Fernán Lope , cóengos do dito moesteiro, por nós e por la voz do dito moesteiro e convento del fazemos e estabelecemos por nosos procuradores, síndicus e personeros çertos a Tereija Rodrigue , muller de Pero Tenrreiro, e a Johán Rodrigue , seu omme, pera que por nós e en noso nomme posan teer por nós e por la voz do dito moesteiro e convento del todos los casares e herdades e vilar de Meiraas, e recadar os froytos e terrádegos e novidades dos ditos casares e herdamentos e vilar que son en terra de Trasancos, e esfroytar e restourarlos e fazerlos lavar e esfroytar, e defender e anparar os ditos casares e herdamentos e vilar de quaesquer personas que os quiseren embargar, et fa er provar os ditos casares de omes labradores e de gaados segundo que lles fa er mester en maneira que os ditos casares e vilar sejan ben restourados e pera que a dita Tereija Rodrigue e o dito Johán Rodrigue sejan teudos de nos pagar as rendas dos tempos pasados e do tempo que por nós así lavraren e esfroytaren os ditos casares segundo as contías que se deles por renda suya pagar et perque posan sobre los ditos casares e vilar entrar en juysu se mester for, a pedyr, demandar, defender, anparar, razoar pleito e pleitos, contestar e jurar todo juramento que de dereito for demandado, provar, rexover, concluir, pedir sentença e sentenças e apelar e suplicar se mester for e aapelaçón e suplicaçón a quenquer e pera que podesen sustituyr outro ou outros procorador ou procoradore en noso nomme e en seu lugar quantos e quaes que seren e for mester e revocarlos cada que quiseren, e o ofiçio da procuraçón en sy tomar, fa er, di er, trautar, ra oar, contradi er commo legítimos procuradores todas las cousas e quaesquer delas que nós e o convento do dito moesteiro e procuradores e menistradores del poderíamos fazer sendo presentes, e todas las cousas e quaesquer delas que per los ditos nosos procuradores e per qualquer deles e per los sustituto e sustitutos deles for feito e procurado e trautado sobre ra çón dos ditos casares e herdamentos deles e vilar e cousas sobreditas nos lo outorgamos e avemos e averemos por firme e estable a todo tempo per los bées do dito moesteiro que pera elo obligáman, e pera que vós os ditos nosos procuradores e vosos sustitutos non ajades poder de enallear nen deytar nin sopenorar nin aforar os ditos casares a outras ninhñas personas de qualquer condiçón e estado que sejan, salvo levándoos vós a dita Tereija Rodrigue e esfroytándoos segundo dito he, relevamos aos ditos nosos procuradores e a os sustitutos deles de todo cargo de satisfaçón, e outorgámoslles acto? procuratorio suficiente con todas súas cláusulas universas. Et desto mandamos fa er esta carta de procuraçón per lo notario suescripto.

Feita enmo Barral de Yrëes, quatro días de fevreiro, anno do nasçemento do noso señor Ihesuchristo de mil e quatroçentos e on e annos.

Testemoyas: Afonso Rodrigue de Fonteela, Pero Yane de Yrëe e Fernán Pere e Gome Pere e Garçía Fernande , omes e criados do prior; Pero Yane , clérigo d-Anca, Afonso Fernande , clérigo, sobriño do dito Pero Yanes; Fernán da Fragela, seu omme, e outros.

Et eu Pedr-Ares, notario público por Nuño Freyre d-Andra<de> emas súas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalva e en todas las súas terras e señoríos, a esto que dito he con as

ditas *testemoyas* presente foy e esta carta escripví e aquí meu *nomme* e signal puge *que* he tal en *testemoyo* de verdade. (*Signum*) Pero Ares, notario.

47

1411, febreiro, 4.

*Don Xoán Fernández, prior, e o convento de Caaveiro dan poder a Tareixa Rodríguez, dona de Pedro Tenreiro para que poidan seguir tendo en foro o vilar, casares e herdades que ten o mosteiro en Meirás, terra de Trasancos, da mesma maneira que os levaron os seus antecesores.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 492/142; cortesá.

Saban todos *que* nós don *Johán Fernande*, prior do moesteiro de Sayoanne de Caaveiro, en un con *Johán Lope* e *Afonso Garçía* e *Johán do Sisto* e *Fernán Lope*, cóngos do dito moesteiro, por nós e pola voz do dito moesteiro e convento del damos poder e mandamos a vós *Tereija Rodrigue*, muller *que* sodes de *Pero Tenreiro*, *pera que* tenades por nós e en noso *nomme* o vilar e casares e herdamentos de *Meyraas*, *que* son en terra de *Trasancos*, *ernos quaes* vilar e casares nós e o dito noso moesteiro estamos apoderados e asentados *per vertude* de *livramentos e cartas e sentenças* dos *corregedores* de noso señor el rey, e estamos *paçificamente* de *levar e usar* os ditos casares e vilar e herdamentos e novos e *rendas deles* *per nós e per* nosos *teedores, e que* posades vós a dita *Tereija Rodrigue* *procurar e menistrar* os ditos casares e vilar e *rendar* os novos e *froytos deles* en *quanto* vós vierdes, *por quanto* os ditos casares e herdamentos *esteveron e foron* levados *per* vosos avoos e antecesores *por çertas* *rendas* *acostumadas* de *levar, e que* vós a dita *Tereija Rodrigue* *sejades* a nós *teuda e obligada* a nos *pagar* as *rendas e çensos* dos ditos casares do *tempo* pasado, e en *quanto* os *levardes e esfroytardes* os ditos casares e vilar e herdamentos os ditos vosos antecesores *levaron* en *nomme* e voz do dito moesteiro os ditos vosos antecesores. E eu a dita *Tereija Rodrigue* *que* presente soo así o *reçebo, e outorgo e connosco que* os ditos casares e bilar *que* son e foron *senpre* do dito moesteiro, e *que* por él e en seu *nomme* os *levo, e fico* *obligada* a *pagar* as *ditas* *rendas* *segundo* se *pagaron e acostumaron* *ata* *aquí* e as *rendas* dos *tempos* pasados e *outorgo* de *seer* *obidiente* ao dito moesteiro e prior e cóngos del e de *seer* en *súa* *ajuda e defendemento* *quando* e *cada que* *conplir e for* *mester. E porque* *seja çerto e non* *vena* en *dulta* nós o dito prior e cóngos e a dita *Tereija Rodrigue* *mandamos* *fa* *er* *ende* *dúas* *cartas* *em* *hun* *tenor* *tal* *hũa* *commo* a *outra* *firmadas* dos *nomes* de nós o dito prior e de *Pero Eanes*, clérigo d-Anca, e de *Pedro Ares* notario da *Pontedeume*.

Feita *quatro* días do mes de *fevreiro*, *anno* do *naçemento* do noso señor *Ihesuchristo* de *mil e quatroçentos e hon* e *annos*.

*Testemoyas*: *Afonso Rodrigue* de *Fonteela*, *Pero Yane* de *Yrees*, *Afonso Ferrnande*, clérigo, *sobrino* do dito *Pero Yane* d-Anca, e *Johán Rodrigue*, *omme* da dita *Tereija Rodrigue*.

Et eu *Pedr-Ares*, notario público por *Nunno Freyre* d-*Andrade* *emas* *súas* *bilas* da *Pontedeume* e *Ferrol* e *Vilalva* e en *todas* las *súas* *terras e señoríos*, a *esto que* dito he *con* as *ditas*

testemoyas presente foy e esta carta escripví e aquí meu nomme e signal puge que he tal en testemoyo de verdade. (Signum). Pero Ares, notario.

## 48

1412, abril, 30. Barral de Cabanas (Santo Estebo de Irís).

*Don Xoán Fernández, prior, e o convento de Caaveiro cambian con Xoán do Casal, mercader, veciño de Sevilla, natural de Pontedeume, neto de Maior Pérez da Ribeira, en nome dos herdeiros desta, unha herdade en Cabanas na que o convento fixo un lagar, que pertencía aos sus herdeiros, pola terceira parte do pomar do "Courelo" e unha viña próxima.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 494/1; cortesá inicial.

Saban quantos esta carta de concambea viren commo nós don Johán Ferrnande , prior do mosteiro de Sayoame de Caaveiro, en un con Juán Martine e Diego Lope , Juán Lope , Afonso Garçía, cóengos do dito mosteiro, fa emos por nós e por la vo do dito mosteiro e convento del con Juán do Casal, mercador, ve ino da çibdade de Sevilla, natural da bila da Pontedeume e neto que foy de Mayor Pere da Ribeira. Eu o dito Juán do Casal, por min e en nomme e vo de todos los herdeiros da dita miña avoa e por min e por eles outorgo a fa er a todo tempo, dou ao dito prior e cóengos e ao dito mosteiro e voz e convento del pera todo senpre en concambea e por jur de súa herdade, convén a saber, todo o jur e vo e dereito e quínón que aa dita Mayor Pere da Ribeira, miña avoa, e a min e a seus herdeiros pertesçe de aver e herdar commo quer e en qualquer maneira enna herdade que está en Cabanas en que vós o dito prior fe estes hun paaço pera lagar, a qual dita herdade he enno dito lugar de Cabanas, friglesía de Santo Estevo de Yrêes, segundo que parte de un cabo da herdade de Cantiigo? que departe da herdade de María Fremosa e de seus herdeiros, e vay topar enno antigo que vay pera Fonteela, e vay topar enno valado da herdade do mosteiro que deu Vasco Barrión? e enno antigo que vay do paaço pera a fonte do Courelo per so a sebe que ora ten Fernán Lourenço çarrada, e vay topar per fondo enno antigo que vay per Fonteela, e topa ençima enna herdade do dito mosteiro so a cortina que ten Fernán Lourenço çarrada. E nós o dito prior e cóengos sobreditos, por nós e por la vo do dito mosteiro e convento del asy o recebemos a dita herdade enna maneira que dita he. E por esto nós os sobreditos por nós e por la voz do dito mosteiro e convento del damos e outorgamos pera todo senpre a vós o dito Juán do Casal e a toda vosa vo enna dita concambea e por pago da dita herdade toda a tersa parte que ao dito mosteiro pertesçe do pumar con súa herdade que chaman do Courelo commo departe da herdade e pumar que foy de María Fremosa, e da outra parte enno rigeiro que ben topar enno antigoo que vay pera Fonteela, e departe per fondo enna herdade que chaman de Grantín. E con esto vos damos mays enna dita concambea e ..go a beyra d-Esteyro? que a dita vosa avoa Mayor Pere da Ribeira tiña posta de viña de barra, commo departe de hun cabo do camiño antigo ao longo que vay pera Cabanas, e departe per fondo enna herdade de Elvira Martínez, e doutra parte da herdade que foy de María Afonso de Cabanas, e per çima do conigro da Branqua Canido? que foy de

Mayor da Cámara, as quaes son e ja en enna friglesia de Santo Estevo de Yrees, as quaes ditas herdades asy determinadas segundo dito he queremos nós as ditas partes que ajan hũus sen embargo dos outros pera todo senpre. E nós o dito prior e cóengos obligamos os bẽes do dito moesteiro de vós las fa er de pa a todo tempo de todo embargo. E eu o dito Juán do Casal eso mismo obliigo meus bẽes de vós fa er de pa a dita herdade segundo dito he de todo embargo pera sempre. Esto he feito e outorgado ontre nós partes a boa fe e sen mão enganno.

E qualquer de nós partes que contra ello pasar que peyte por penna aa outra parte que o conplir e tener e guardar mil morabedis da usal moneda, e esta carta fique firme e balla pera todo senpre. E desto outorgamos nós as ditas partes duas cartas en hun thenor tal a hũa commo a outra.

Feita a carta enno Barral de Cabannas, figlesia de Santo Estevo de Yrẽes, día sábadó, o postromeiro día do mes de abril, anno do nasçemento do noso señor Jhesuchristo de mil e quatroçentos e do e annos.

Testemoyas: Diego Lope , carpenteiro, ve ino da Pontedeume; Fernán Lourenço da Cabana e Gonçalo Pere da Curuja, Pero Vasque Greco?, morador en Yrẽes; Pero Romeu e Fernán Rodrigue , clérigo de Soaserra.

Et eu Roe dos Ares, notario público por Nuno Freyre d-Andrade ennas súas vilas da Pontedeume e Ferrol e Vilalva e en todas las súas terras e señoríos, a esto que dito he con as ditas testemoyas presente foy e esta carta escripvi e aquy meu nomme e sinnal puge que he tal en testemoyo de verdade. (Signum). Roe Ares, notario.

## 49

1416, xuño, 18. No mosteiro.

*Don Fernando Pérez, prior, e o convento de Caaveiro aforan a Diego Arias e á súa dona Tareixa González, unha cuarta parte, a Elvira Núñez, viúva de Roi da Leira, outra cuarta, a Álvaro Pérez e á súa dona Constanza García, dúas sextas, e a Pedro Testa de Perbes e á súa dona Urraca Oanes, outras dúas sextas, e a unha persoa, do que ten o mosteiro nas freguesías de San Pedro de Perbes San Xoán de Vilanova, como o leva agora, por nove libras, catro sangaños de trigo e catrocentos peros "de nedos" ao ano.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 492/15; cortesá; roto nas partes superior e inferior,

Sabban todos quantos esta carta vyren [...] Fernán Pere , prior do moesteiro de Sayoanne de Caaveiro, en hun con outorgamento de Afonso Yanes e Fernán Lope e Fernán Romeu e Pero Lope , cóengos do dito moesteiro, sendo todos ajuntados dentro enno dito moesteiro e per canpá tangida, segundo que avemos de huso e de custume, nós los sobreditos por nós e por la vo do dito moesteiro e por prol e omrra do dito moesteiro e bon reparamento e proveyto de nosoutros e do convento do dito moesteiro, damos e aforamos e outorgamos a vós Diego Aras e a vosa moller Tereiga Gon ale en hũa quarta parte, e a vós Elvira Nune <sup>13</sup>, moller que fostes de Roy da Leyra, en outra quarta parte, e a vós Alvaro Pere e a vosa moller Constança Garçía ennas dúas se<s>tas partes, e a vós Pero Testa de Perves e a vosa moller

13. Repetido Elvira Nunes.

Orraqua Oanes en outra sesta parte, pera en días e de vosas vidas e depoyos morte de vós os sobreditos en vida de hun voso fillo ou filla ou persona que nomeardes en vosa vida d-ante de vosa morte, *convén* a saber, o que a vós damos e aforamos todas las herdades e chantados que o dito mosteiro e convento han ennas figlesías de San Pedro de Perves e de Sayoanne de Villanova, segundo que van de montes a fontes ennas ditas figlesías segundo que as vós os sobreditos teedes e levades agora por lo dito mosteiro e segundo que están marcadas e devisadas enno tonbo do dito mosteiro. A qual dita herdade e chantado a vós damos e aforamos enno dito tempo a tal pleito e condyçón que dedes a nós e á vós do dito mosteiro en cada hun anno nove lyvras que son vynte e quatro morabedís de moneda vella e quatro sangannos de trigo e quatroçentos peros de nedos, e se per ventura a dita herdade vagar de cada hun de vós que fique emnos outros que foren vyvos ata morte do postremeiro enna maneira sobredita. E avedes de dar a nós e a vós do dito mosteiro en hun anno por día de San Martino a dita renda da dita herdade e chantado dentro enno dito mosteiro, E nós os ditos Diego Aras e Álvaro Pere e Pero Testa por nós e por las ditas nosas mollerres e nosas personas e eu Elvira Nune e miña persona que presentes somos, asy o reçebemos e outorgamos, e prometemos de todo teer abrogar segundo que dito he. E nós o dito prior e cóengos e convento e en nome do dito mosteiro obligamos os bñes do dito mosteiro a vós seren feitas de paa as ditas herdades e chantados enno dito tempo. E esto he feito e outorgado ontre nós pera ... a bñoa fee e sen mao enganno.

E queremos e outorgamos que a parte que o non touver e conplir e abrogar que dé e page por penna mil morabedís da husal moneda á parte que o touver e conplir e abrogar, e a penna pagada ou non todavía as cartas fiquen firmes e vallan en seu tempo e condyçõs.

E se per ventura nós os ditos Diego Aras e Pero Testa e Álvaro Pere e Elvira Nunes temos algún foro das ditas herdades que fose feito d-ante desde ho damos por ningún que non valan. E se per ventura o dito prior vyer a entrar nos veer e requeran as ditas herdades hũa ve es enno anno, que nós as ditas partes que lle demos hũa colleyta pera el en dous ou tres dengos que seja per nosa custa segundo e enna maneira que levamos ho foro da dita herdade.

E desto nós as ditas partes outorgamos ende dúas cartas en hũa tenor.

Feitas dentro enno mosteiro de Sayoanne de Caveiro, día quarta feira, des e oyto días do mes de juyo, anno do nasçemento de noso señor Ihesuchristo de mil e quatroçentos e de aseys annos.

Testemoyas que foron presentes: Pero Rodrigue Rapella, ve ino da Pontedeume; Domingo de Sanbollo, Garçía Pere, fillo de Pero Garçía de Cabannas; Domingo do Outeiro, Joán Pego e Joán Monteiro, moradores enno ... e outros.

Eu Fernán Testa, notario público por Nuno Freyre d-Andrade enna villa de Pontedeume e en seus términos e juridiçós e ennos coutos de Callovre e de Villarmayor ... presente foy e esta carta escriví <e> poño aquí meu nomme e sygnal en testemoyo de verdade. (Signum). Fernando Testa, notario.

1433, decembro, 3. Cabanas (Santo Estevo de Irís).

*Catarina Martínez, con consentimento do seu marido, doa a don Fernando Pérez, prior, e ao convento de Caaveiro a quinta parte do casal de "Pero Sanjurgo", freguesía de Santo Estevo de Irís, que á súa vez lles é aforada durante as súas vidas por dous marabedís ao ano.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 492/16; cortesía; roto e descascado en varias partes.

Saban quantos esta carta viren commo eu Catalina Martine , moller ... moradores en Cabanas, feglesía de Santo Estevo de Yree, con liçençia e outorgamento do ... que presente está e outorga, e me deu e dá liçençia pera todo o diante declarado, outorgo ... que non sendo constrentyda (*sic*) per forza nen decebida per enganno, mays de meu moto proprio e libre vontade, que dou en pura e justa doaçón non revocavele pera todo senpere, segundo que mellor e mays complidamente pode e deve valer doaçón feita ontre vivos, a vós don Fernán Peres, prior do moesteiro de San Juán de Caaveiro, a quinta parte do casal que chaman de Pero Sanjurgo, que jas enna feglesía de Santo Stevo de Yrees, con todas súas casas e formaes ... chantados e por chantar per onde quer que ellas vaan, a montes e a fontes, con todas súas entradas e saydas e jures e dereitos quantas oje dito día endyante que a ajades por çerta doaçón e firme estipulaçón pera todo vosa propia vontade. E prometo e outorgo de nunca yr nen vyr contra esta dita doaçón en juy o nen fóra del por desagradeçido que me vós façades, a qual vos dou de cada día que valía mays nin ... esto que vós asy ... [sobre lo] qual renunçio e parto de min toda la [ley e todo dereito así canónico como çevil] e a ley de Valiano que [he en ajuda de mollerres], e [siey que dis que] general renunçiaçón non valla, e todo ... custume e todas las ... e defemsões que por myn podese avere e alegar en contrario desto que dito he e en esta carta se contén que me non vallan nen seja sobre ello oyda nen reçebyda en juy o nen fóra del per min nen per outro por ..., e demays que vos peyte por cada hũa vez contra elo for myl morabedís da bõa moeda usual, e a penna pagada ou non pagada a carta fique firme e valla pera senpre. E eu o dito prior así reço de vós ..çón e arréndovoslo pera en días de vosa vida e do dito voso marido a dita quinta parte do dito casal por dous morabedís en cada un anno.

Feita a carta en Cabannas, feglesía de Santo Estevo de Yrees, día quinta feira, tres días de desembre, anno do nasçemento do noso señor Ihesuchristo de mil e quatroçentos e trinta e tres annos.

Testemoyas: Juán Gome , alfayate, e Pero Vello e Garçía Ungrés e Lopo do Casal, homme do dito prior; e Pero Barba, ve ino da Pontedeume, e outros.

Eu Roy Fernandes de Barraçido, escripvano de noso señor el rey e seu notario público enna súa corte e en todos los seus regnos, <0> que dito he con as ditas testemoyas presente foy e en miña presença fis escripvir e poño aquí meu nomme e signal que he tal en testemoyo de verdade. (*Signum*).

## 51

1433, decembro, 3. Cabanas (Santo Estevo de Irís).

*Catarina Martínez, con permiso do seu marido Afonso de Ribeira, moradores en Cabanas, deixa, á morte de ambos, ao mosteiro de Caaveiro, pola alma do seu pai Martín Domínguez, dúas quintas partes do casal que foi de Pedro Sanjurjo, en Cabanas, freguesía de Santo Estevo de Irís.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 492/17; cortesá; con varios rotos na parte esquerda.

Saban quantos esta carta viren commo eu Afonso da Ribeira e mina moller Catalina Martine , moradores en Cabanas, frigesía de Santo Estevo de Yrees, ambos e dous presentes, outorgamos e connosçemos que por quanto eu a dita Catalina Martine oy dizer que meu padre Martino Dominges fezo manda ao mosteiro de San Juan de Caaveiro de algũas cousas que eu a dita Catalina Martine levo o voso, por ende eu a dita Catalina Martine , presente e outorgante o dito Afonso da Ribeira, meu marido, quero e outorgo que á morte de min a dita Catalina Martine e do dito meu marido fique quito e desenbargado a vós Fernán Pere , prior do dito mosteiro, e aa voz do dito voso/ mosteiro e convento del pera todo senpre, por la alma do dito Martín Dominges e nosas e daqueles a que o dito Martín Dominges e nós éramos e somos teúdos, pera todo senpre, as quintas do casal que foy de Pero Sanjurjo, con todas súas herdades e casares lavrados e por lavrar, chantados e por chantar per onde quer que elas van a montes e a fontes, con todos seus jures e dereitos quantos oje este día ha e aver deve, asy de feyto commo de dereito que jaz en Cabanas, frigesía de Santo Estevo de Yrees, as quaes dúas quintas do dito casal e herdades queremos e outorgamos que as ajades vós o dito prior e voso mosteiro sen embargo de nós e de nosas vozes pera todo senpre, et se as agora levamos e pesoymos ou levarmos ou pesoymos, d-oje este día endeante connosçemos et outorgamos que as levamos por vós e en voso nome e do dito mosteiro e non por outro algún, e queremos e outorgamos que por manda nen por testamento nen por coudiçilo nen venda nen doaçón que nós façemos des oje este día da feyra desta carta non seja revocado o per nós en esta carta outorgado nen parte delo, nen posamos yr nen viir contra elo nen contra parte delo en jui o nen fóra del per nós nen per outro, con tal condiçón que se nós algũas rendas ou outras cousas s... do voso mosteiro fasta aquí que nos sejan quitas e perdoadas et que nós non ... outrosy as outras cousas que as erdades do dito casal renderen fasta o día [...] os que aquel día foren pasados commo quer e en qualquer maneira. Et eu o dito prior [...] voz do dito mosteiro asy vos lo outorgo, et reço o dito desenbargo das [...] do dito casal e herdades pera min e pera o dito meu mosteiro et convento et cóengos [...] os sobreditos Afonso da Ribeira e a cada un de vós pera en días de voso vida ... morte do postremeiro as dúas partes das leyras de herdade que foron de Tereija Nunes que jaz hũa ... en Cabanas, fregesía sobredita, commo testa enna Cannota, e da outra parte en o camino de Caaveiro, e da outra parte testa enna vina de Pero Barba e per súas devisões.

Item a outra leyra jaz abaixo dela commo testa enno camiño antigo que vay pera Laraje, et da outra parte testa en herdade de Vinoa, et da outra parte testa en herdade de Pero Garido e da dita Catalina Martine et per súas devisões. Et a outra leyra jaz enna dita frigesía commo testa en Vinou, et da outra parte testa enna vina de vós o dito prior, et da outra parte testa en herdade de min a dita Catalina Martine e per súas devisões.

Item mays a leyra que chaman do Pumariño commo testa enno antigo que vay pera a vila, et da outra parte testa enna vina que foy de Fernán do Viso et per súas devisões.

As quaes leyras asy testadas e devisadas vos aforo a tal pleito e condiçón que o

quinón *que* eu en elas ajo por voz do dito moesteiro *que* ... quanto vós a dita Catalina *Martine* disedes *que* o dito moesteiro *que* ha a *terça* parte en estas leyras ...*que* vós a dita Catalina *Martine* e voso marido tevedes as rendas das ditas leyras en ... vosas vidas e de cada hun de vós e desde de cada hun anno a min e ao dito meu moesteiro ...*se morabedís* de moneda vella et hun jantar ao prior, et á morte de vós e de cada hun de vós *que* fiquen libres e quitas ao dito moesteiro sen embargo de vós e de vosas vozes, salvo se vós o dito Afonso da Ribeira poserdes vinas ennas ditas leyras de herdade *que* dedes de foro ao dito noso moesteiro o quarto do vino, e tommedes *pera* vós os tres quartos pagándose o dézemo de consu ... a morte de vós os sobreditos *que* fiquen libres e quitas e desenbargadas ao dito noso moesteiro con todas benfeytorías *que* en elas foren feytas. Et esto he feyto e outorgado ontres nós as dúas partes a boa fe e sen mao enganno.

Et *qualquer* de nós as ditas partes *que* contra esto for et o non conplir e gardar *que* peyte por pena e postura convencional ...*se aa parte que* o tener et conplir e gardar tres mille *morabedís* de boa moneda usal, e a pena pagada ou non a carta fique firme et valla *pera* senpre.

Feyta a carta en Cabanas, frigesía de Santo Estevo de Yrees, día quinta feira, tres días de de enbre, anno do nasçemento do noso señor Ihesuchristo de mil e quatroçentos e trinta e tres annos.

Testemoyas: *Juán Gome*, alfayate, e *Pero Vello* e *Lopo do Casal*, moradores enno couto de *Caaveiro*; et *Garçía Engres* e *Pero Barba*, ve ino da *Pontedeume*, e outros.

Et eu *Roy Fernández* de *Barraçido*, escripvano de noso señor el rey e seu notario público enna súa corte e en todos los seus regnos, a esto *que* dito he con as ditas *testemoyas* presente foy e escripvir fi, poño aquí meu nome e signal *que* he tal en *testimoyo* de verdade. E vay escripto ontre regras onde dis voso, non enpeesca. (*Signum*), *Roy Fernandé*, notario.

## 52

1434, xaneiro, 26. Cabanas (Santo Estevo de Irís).

*Catarina Domínguez*, veciña de *Pontedeume*, doa ao mosteiro de *Caaveiro* unha viña e varias casas e solares nesa vila.

A.- A CORUÑA, Arquivo do Reino de Galicia, colección diplomática, nº 44.

ED.: MARTÍNEZ SALAZAR, Documentos gallegos, nº 56, pp. 145-148.

Saban quantos esta carta de doaçón viren *commo* eu *Cataliña Domingues*, viziña da *Pontedeume*, non seendo costrengida *per* forza nin deçebida *per* enganno, mays de meu moto *propio* e livre voontade outorgo e conosco *que* dou en pura e justa doaçón *pera* todo senpre a vós don *Fernán Pere*, prior do moesteiro de *Caaveiro*, *que* presente sodes, e *pera* a voz do dito vosso moesteiro una miña leyra de viña branca *que* jaz en *Ríocovo*, figlesía de Santo Estevo de *Yrêes*, *commo* testa en fondo enno cómaro, e da outra parte testa en hũa viña *que* soya levar *Pero Vello*, e era do dito moesteiro, e da outra parte en outras viñas *que* foron do dito *Pero Vello*, e *per* súas devisões.

Iten mays vos dou enna dita doaçón as miñas casas da *Pontedeume* con súas plaças de *que* jaz en enna figlesía de *Santiago* da dita vila, *commo* testan de hũa parte ennas casas *que*



foron de Vaasco Tenreiro, *que* son herdade do mosteiro de Caaveiro e de Pedroso, e da outra parte testan ennas casas de Lopo Rodrigue e de María Gaanča, súa moller, e ennas casas *que* foron de Diego d-Esteiro, e fazen testa enna rúa antiga en dereito as casas de Juan Vella *que*, e da outra parte testan enna rúa antiga *que* ven das casas de Rodrigo Esquíu *pera* a ribeira e *per* súas deviseos, a qual dita viña e casas sobreditas vos \dout/ *pera* todo senpre por justa e pura doazón e firme estipulación con todos seus jures e dereitos quantos oje este día an e aver deven así de feito *commo* de dereito, e con todas súas entradas e saydas, alto e baixo, do ceo aa terra, con todos los edificios *que* en elas son feitos, a tal pleito e condición *que* digades depoyos \miña/ morte en cada hun anno húa missa cantada depós día de San Juan, façades aniversario *pera* todo senpre por la alma de Domingo Eanes, meu primeiro marido *que* foy, e por la miña<sup>14</sup> e daqueles a *que* él e eu somos teúdos, dentro enno dito mosteiro, enno altar de San Juan, a qual doazón quero e outorgo *que* a entredes logo con justiça ou sen justiça *commo* quiserdes e por ben toverdes, façades delas e en elas toda propia e livre vontade vós e o dito voso mosteiro; e prometo et outorgo de nunca yr nin viir contra esta dita doazón en juyzo nin fóra del nin contra parte dela *per* min nin *per* outro. E se *contra* ela for en algúa maneira *que* me non valla, e demays *que* vos peyte por pena e postur[a...] diçional e ao dito voso mosteiro e convento del tresmil morabedís da bõa moneda usal *que* vos peyte por penna e *nomme* de interese por cada húa \vez *que*/ *contra* elo pasar e o non conplir e guardar eu ou outro por min, e a pena pagada ou non pagada a carta fique firme e valla *pera* senpre. Sobre lo qual renuncio e parto de min toda ley e todo dereito así canónico *commo* çevil/ e a ley de Valiano *que* he en ajuda das molleres, e a ley *que* dis *que* geeral renunciaçõn non valla, e todas las outras bõas razoõs e defensoõs *que* por min podese dizer e alegar en contrario desto *que* dito he e en esta carta se contém. Et porque esto seja firme outorgo delo esta carta *per* Roy Ferrande de Barraçido, notario del rey.

*Que* foy feita e outorgada en Cabanas, couto de San Juan de Caaveiro, figlesía de Santo Estevo de Yrões, viinte e seys días de janeiro, anno do nasçemento de noso señor Ihesuchristo de mille e quatroçentos e triinta e quatro annos.

Testemoyas *que* foron presentes: Afonso da Graña e Pero Louçao e Nuno da Curuja e Pero Rico, moradores enno dito couto; e Garçía Inglés, criado de Pero Ferrande d-Andrade, et outros.

Et depoyos desto, este dito día e mes e anno sobreditos, dentro enna dita figlesía de Santo Estevo de Yrões, Pero Rico, mordomo enno \dito/ couto por lo dito prior, a consintemento da dita Cataliña Domingue asentou e apoderou ao dito prior enna dita viña ficando a salvo algõa parte o seu dereito.

Testemoyas: Juan de Pígara, clérigo; e Afonso Pere e Juan do Casal, fillo de Afonso do Casal, e outros.

Et depóis en este dito día e mes e anno sobreditos, dentro enna dita villa da Pontedeume, Rodrigo Esquíu, alcalldo da dita villa por Pero Ferrande d-Andrade, asentou et apoderou ao dito prior ennas ditas casas a consintemento da dita Cataliña Domingue, *que* presente estava, e entregou as chaves da dita casa ao dito prior en presenza do dito alcalde, e diso *que* consintía o dito asentamento. Et o dito alcalldo diso *que* asentava e asentou ao dito prior ennas casas e plaça susoescriptas ficando a salvo algõa parte o seu dereito.

Testemoyas: Afonso da Graña e Pero Rico et Diego Esquíu, fillo do dito Rodrigo Esquíu; e Afonso do Barro, seu criado, e outros.

Et de todo *commo* pasou o dito prior diso *que* o pedía todo *pera* guarda de seu dereito en pública forma.

Testemoyas as sobreditas.

Et eu Roy Ferrnandes de Barraçido, escripvano de noso señor el rey e seu notario público enna súa corte e en todos los seus regnos, a esto *que* dito he, con as ditas testemoyas,

14. *Repetido* e pola miña.

presente foy e por outorgamento da dita Cataliña Domingue e por pedimento do dito prior esta carta escripvi e poño aquí meu nomme e signal que he tal en testemoyo de verdade.

Et vay escripto ontre regras en hun lugar onde diz dou, e en outro lugar onde diz miña, e en outro lugar onde diz vez que, et en outro lugar onde diz dito, non enpeesca. (*Signum*) Roy Ferrande , notario.

Vay escripto entre regras (*sic*) en outro lugar onde diz çevil, non enpeesca. Roy Ferrande , notario, (*rubricado*).

## 53

1437, xuño, 18. Pontedeume.

*Afonso do Casal, veciño de Pontedeume, traspasa a Afonso Eanes a propiedade dunha viña en Agrolongo e outras propiedades en Cabanas, freguesía de Santo Estevo de Irís, que comprara do seu pai Xoán do Casal.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 492/18; cortesá.

Enna villa de Pontedeume, día martes, dez e oyto días de juyo, anno do nasçemento de noso señor Ihesuchristo de mil e quatroçentos et triinta et sete annos. Et en presenza de min notario e testemoyas a juso escriptas paresçeu Afonso do Casal, vizino da dita villa, et disso per min o dito notario que renunciava et renunçio et traspasava et traspasou en Afonso Eanes et en sus voces et en quen o dito Afonso Eanes quiseuse a recobraçõn que o dito Afonso do Casal avía feita da viña d-Agrolongo et de todas las outras herdades et casas que o dito Afonso Eanes conplara a Juán do Casal, seu padre, a qui Deus dé santo parayso. Et outrosy diso que lle remitía o engano das ditas viñas e herdades por quanto diso que o recebera del. As quaes ditas<sup>15</sup> viñas et cousas sobreditas son estas: a viña d-Agr/olongo jas enna figlísia de Santo Estevo d-Eyrões commo testa en hõa viña de Juán de Çinquo...s, et da outra parte testa enna congosta que vay pera Fonteela, et ençima testa enno cómaro e per súas devisões. Et as ditas herdades et casas jazen en Cabanas, figlísia sobredita, commo testan enno antigo que ven de cas Pero Vello, et da outra parte testan enno curral das casas de Cataliña Afonso, et testan ençima enno antigo que vay pera a casa de Afonso Ferrande et per súas devisoes. Et as ditas leyras de viña ja en enna dita figlísia açerca da dita casa, commo testa hũa delas enna viña que poso o fillo de Afonso Gome , et da outra parte testa ennos antigos, et da outra parte testa per súas devisões; et a outra leyra testa ennos antigos ... enna viña que poso o fillo de Afonso Gome , et per súas devisões. Das quaes ditas viñas e herdades et casas sobreditas diso o dito Afonso do Casal que renunçia e traspasava a recobraçõn delas enno dito Afonso Eanes et en súas voces e de quen el quiseuse, et que se outorgava et outorgou por pago e contra... do engano delas et de cada hũa delas por quanto diso que avía recebido do dito Afonso Eanes; et diso que prometía e prometeu de nunca yr nen viir contra esta carta nen contra parte dela en juy o nen fóra del per sy nen per outro so penna de dous mille morabedís da bõa moneda usal, et a penna pagada ou non todavía esta carta fiqui firme et valla para senpre.

15. Repetido ditas.

Et desto *que* dito he o dito Afonso Eanes diso *que* o pedía e pediu a min o dito notario *pera* guarda de seu dereito signado con meu signo.

*Testemoyas*: Gome Afonso, clérigo, et Juán Gome e Afonso Gome , seu irmão; et Fernán de Villar e Fernán Martelo, visinos da dita villa, et outros.

Et eu Roy *Fernande* de Barraçido, escripvano de noso señor el rey et seu notario público enna súa corte e en todos los seus regnos, a esto *que* dito he con as ditas *testemoyas* presente foy et escripví et poño aquí meu nomme et signal *que* he tal en *testemoyo* de verdade. (*Signum*). Roy *Ferrande* .

## 54

1445, abril, 17. No mosteiro

*Don Diego López de Sande, prior, e o convento de Caaveiro aforan a Pedro Filgueira e á súa dona e a Xoán Rodríguez de Limodre e á súa, por cuartas, un agro que chaman chousa de "Froyán", freguesía de San Martiño de Porto, coa condición de que nos vindeiros dous anos o planten de viña de cepa, o pechen e o caven tres veces ao ano e o poden unha, e dean de renda a cuarta parte da produción en uvas ou viño.*

A.- A CORUÑA, Real Academia Galega, fondo Murguía, sen signatura; pergamiño; cortesá inicial.

Saban *quantos* esta *carta* de foro viren *commo* nós don Diego Lope de Sande, prior do mosteiro de San Juán de Caaveiro, en hun *connosco* Afonso Eans et Pero Lope et Fernán Romeu, cóengos do dito mosteiro, et conosco frey Fernando de Bregondo, administrador e procurador de nós e do dito noso mosteiro, estando todos juntos en cabiido dentro enno dito noso mosteiro *per* son de canpaa tangida, *segundo que* o avemos de uso e de costume, outorgamos et *connosçemos* por nós et por la vo et cóengos et convento do dito noso mosteiro, *que* aforamos a vós Pero Felgeira e a vosa moller *María Ferrande* , moradores en Relousada, freguesía de San Mamede de Laraje, et a vós *Joán Rodrigues* de Limodre e a vosa moller Mayor *Pere* , moradores en Limodre, freguesía de Santa Aya de Coyro, et a todas vosas vozes *pera* todo senpre jamays ao quarto, convén a saber, o *que* vos aforamos hun noso agro de herdade *que* he do dito noso mosteiro *que* chaman da chousa de Froyán, *que* jas et he sito enna freguesía de Samartino de Porto, *commo* testa da hũa parte enno antigo *que* vay da Pontedeume *pera* Ferrol, et d-alí testa en outro antigo *que* vay *pera* casa de *Joán Martine* o Moço, et da outra parte testa en herdade da *igresía* de Samartino, et da outra parte testa ençima en outro antigo *que* vay da *igresía* de Samartino *pera* casa *que* foy de *Joán Martine* o Vello, et *per* outras súas devisões, o qual dito terreo de herdade calvo vos aforamos a tal pleito e condición *que* o poñades et plantedes de viña de cepa en estes dous annos primeiros *que* vëen, et él asy plantado de viña *que* cavedes e podedes e labredes e çarredes a boa fe e sen mão engano, dándolle tres cavas e hũa poda en cada hun ano por seu tempo et segón et do viño *que* Deus en ela der *que* nos dedes o quarto do viño, as uvas enna viña *per* lo çesto ou o viño a bica do lagar en cada hun ano *qual* ante nós e a vo do dito noso mosteiro quisermos, et *que* levedes *pera* vós os tres quartos pagándose o dëzemo de consun. Et *queremos* et outorgamos *que* o ajades et levedes et usedes des oje este día endiante, et *que* façades del e de parte del o *que* vós quiseredes e por ben teverdes *per* vertude do

dito foro. Et obligamos a nós e aos bñes do dito noso moesteiro de vós lo fa er são e de pa a todo tempo de todo embargo so pena de mille *motavedís* da boa moeda usal. Et nós os ditos Pero Felgeira et Joán Rodrige que presentes somos, por nós et por todas nosas voces asy recebemos de vós o dito prior et cóngos o dito terreo de herdade enno dito foro, et prometemos et outorgamos de o plantar de viña en estes ditos dous annos et de pagar o dito foro a vós o dito prior e cóngos e vo do dito moesteiro en cada hun anno al de e (*sic*) labrar e cabar e podar e çerrar segundo que dito he so a dita pena dos ditos mille *motavedís* da dita moneda usal. Sobre lo qual nós as ditas partes renunçiamos et partemos de nós toda ley, foro e dereito canónigo e çevil que sobre ésto podésemos di er e alegar, e espeçialmente renunçiamos a ley que di que geeral renunçiaçón non valla.

Et porque he çerto outorgamos delo dúas cartas anbas en hun tenor *pera que* cada hña de nós as ditas partes leve a súa.

Feita dentro enno dito moesteiro de San Juan de Caaveiro, día sábado, de et sete días do mes de abril, anno do nasçemento do noso señor Ihesu Christo de mille e quatroçentos e quarenta e çinquo annos.

Testemoyas que foron presentes: Gonçalvo da Curuja e Fernán Crespo et Roy do Cóngo e Pero Yane , forneiro, et Joán Lope de Bregondo, moradores enno dito couto de Caaveiro, et outros.

Et eu Johán Señor, notario público por lo señor Juan Pere d-Andrade ennas vilas da Pontedeume et Ferrol et Vilalva et en todas las outras súas terras et señoríos et encomendas, a esto que dito he con as ditas testemoyas presente foy et escripví et puge aquí este meu nome et signal que he tal en testemoyo de verdade. (*Signum*). Johán Señor, notario (*rubricado*).

## 55

1474, xuño, 25.

*Don Gome Freire de Andrade, prior do mosteiro de Caaveiro, e o seu convento aforan a Maior Fernández de Sangís, filla de Fernando de Sangís, e á súa sobriña María do Redondo a medias cantos soutos e árbores plantou o seu pai Fernando de Sangís, por tres marabedís ao ano o día de San Martiño.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 493/1; cortesá; dos rotos na dereita. O mesmo que 493/2 con lixeiras variantes que non afectan ao contido do texto.

Saban quantos esta carta de foro viren commo nós don Gome Freyre d-Andrade, prior do mosteyro de San Johán de Caabeyro, et conosco Gonçalvo Rodrigue et Afonso Lope et Gonçalvo de Torrente et Giaao Vidal et Pero Lope <sup>16</sup>, cóngos do dito mosteyro, por nós en nome et vo do dito mosteyro et conbento del, seendo nós presentes en noso cabydo *per capa tangida, segundo que* avemos de uso et de custumme, veendo que he prol et reparo do dito mosteyro, aforamos et damos en foro e çenso a vós Moor Ferrnande de Sangiis, filla que fostes de Fernan de Sangiis, e a vosa sobriña María do Redondo, sua neta, a cada hña enna sua metade, *conbén a saber, o que* vos aforamos todos los soutos novos e árbores que o dito voso padre

16. Om. 493/2 os nomes dos monxes.

Fernán de Sangiis feso e prantou e encabeçou asy en o souto Novo commo [o souto] Ferrreyro que él fezo ao dito mosteyro enna herdade de San Johán de Caabeiro, ennas figllisía de San Bertolameu e de San Fiis de Monfero, [et que] os levedes e usedes e esfroytedes et reparedes e prantedes ennos lugares que non son pera outro pan ni millo, et [que vós dedes] e pagedes en cada hun anno por foro et çenso ao dito mosteyro tres morabedís vellos ou trinta diñeiros de moeda usal, p[ã]gos dentro enno] dito mosteyro en cada día de San Martino, ou quen vos ouber de acadar en cada anno. O qual dito foro vos fazemos pera [vós pera] vosos maridos e fillos e netos e ao postremeyro dellos faliçido que nos fiquen libre todos los ditos perfeutos, [et que vós non] sejades poderosos de os vender nen dar por renda a outra persona poderosa ata nós seremos requeridos {tanto por tanto. Este] dito foro vos outorgamos e prometemos de o teer e cunprir e gardar so pena de du entos morabedís de moeda usal [que dé e page a parte] de nós que a esto pasar a outra parte obydiente; e obbligamos pera ello os bées do dito mosteyro. E outorgamos sobr-el-lo dous [foros anbos en hun tenor] pera ante este notario e testemoyas, e por mayns firmeza firmaron aquí nosos nomes.

E nós as ditas Moor Ferrnande e María do [Redondo asy o] reçebemos, e obrigamos nosos bees a pagar a dita renda e nosos fillos e netos et gardar as ditas [condições so a dita] pena.

Feito a vinte e çinquo días do mes de juyo do anno do nasçemento de noso señor Ihesuchristo de mille e quatroçentos [et setenta] e quatro annos.

Testigos presentes: frey García de Árbol? e Fernán de Sobrado et Pero da Pena, moradores enno dito convento, et ou[tros].

Eu Gome Gon ale de Goymil, escrivano del rey noso señor et seu notario público enna súa corte e reynos e s[en]yoryos], presente foy en hun con los ditos testigos aquí meu synal pono en testemoyo de verdade. (Signum).

(Christus) Gonçalvo Rodrigues, cóengo.- (Christus) Giaao Vidal, cóengo.- (Christus) Gonçalvo de Torrente.- Afonso Lopes.- (Christus) Pero Lopes<sup>17</sup>.

## 56

1475, xaneiro, 7. No mosteiro.

*Gome Freire de Andrade, prior, e o convento de Caaveiro aforan a Xoán e á súa dona Maior, veciños do couto de Caaveiro, e aos seus fillos unha herdade por dezaioito marabedís ao ano.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 493/3; cortesá; roto na parte inferior dereita.

Saban quantos esta carta de foro viren commo nós Gome Freyre d-Andrade, prior do moosteyro de San Juan de Caaveiro, estando dentro en o dito moosteyro, e con Gonçalvo Rodrigue e Lopo Fernande e Alonso Pere, cóengos do dito moosteyro, e con canpaas tangydas segundo uso e custume, outorgamos e conosçemos que aforamos a vós Juan Doçe e a vosa moller Moor Fernandes, moradores enno couto de Caaveiro, e pera vosos fillos ou fillas que de vós deçenderen fasta a morte do postremeyro, convén a saber, que vos asy aforamos toda

17. Om. 493/2 as sinaturas dos monxes.

a vo erençia do ... so por donde *quer que* vay a montes e a fontes, *commo* testa por hũa parte enna Fontela da Valleyra honde se o castro do Grao *commo* se vay aa Fonteela da cabeça do Caal e con ... moymento do Mal... de Joán Salgado, e d-aly como se vay aa cabeça do ... marco, e d-aly como se vay ao marco *que* se sobre cas Joán Salgado, e como se vay ao ... testa a erdade de Joán do Barro, e do carvallo se vay *enna* antigaa? *commo* topa enna cabeça do atal hunde se o seyxo, e como se vay aa mamoa *que* se na riba do camiño e penar de Juán Vello dereyto ao río; e mays vos aforamos outro agro *que* ja tras lo seyxo de *que* leva Ygoso o casto?, *segundo* está testado por suas testas, a cal de vós e erençia \vos aforamos/ a tal pleito e condyçõn *que* vós dedes e pagedes e ao dito noso moosteyro e sucesores *que* despoys de vós vieren ao dito moosteyro de e oyto *morabedís* vellos da boa moeda usal por renda e çenso de cada hun ano por día de San Martino cando vyer, e obrigamos a nós e a os bees do dito moosteyro de vós fa eremos saa e de pa a dita vo e erençia a todo tienpo de todo enbargo. O cal dito casal e erençia vos aforamos con esta condyçõn, *que* a non posades vender, *nen* cambear, *nen* allear, *nen* trasparar a outras \partes/ salvo a nós ou a nosos sucesores .. E eu o dito Juán Doçe *que* presente soo por min e a dita mina moller e vo es asy reçoibo de vós o dito foro por las maneyras ... *que* ditas son, e obrigo *min* e a todos meus bees ...asy teer e *comprir* e obrigar e gardar e pagar a dita renda e çenso enna maneira *que* dito he. E esto he *feito* e outorgado hontre nós las ditas partes a boa fe e sen mao enganno.

E cal de nós las ditas partes que contra elo for e pasar e ho non *comprir* e gardar que peyte e page por pena e postura convencional tresçentos? *morabedís* da dita moeda usal á outra parte que o tener e *comprir* e gardar, e a pena pagada ou non todavia esta carta fique firme e valla.

E desto *que* dito he nós las ditas partes outorgamos delo dúas cartas en hun tenor *pera* cada hun de nós partes leve a súa.

Feita e outorgada dentro eno dito moosteyro, sete días do mes de janeiro do anno de mil e quatroçentos e setenta e çinco annos.

Testigos: Fernán Garçía, carpenteyro, morador en Manyinos; Juán do Río, morador en Boado; Juán Yanes, clérigo, e outros.

E eu Afonso Garçía, escripvano de noso señor el rey e seu notario púbrico enna sua corte e en todos los seus reynos e señoríos, a todo o desusodito con os ditos testigos foy presente e aquí escripví e puge meu nome e sino *que* tal he en testemoyo de verdade.

Huu dis entre lineas “vos aforamos” e “partes”, non empeesca. (*Signum*).

## 57

1489, marzo, 23. Pontedeume.

*Venda dunha leira que foi de Pedro Páez, en Cabanas, freguesía de Santo Estevo de Irís, a un tal Roi e á súa dona.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero, 493/4; cortesá; en moi mal estado de conservación.

... en esta carta declarado outorgamos e conosco nos los ditos ... Santiago, clérigo, con o dito poder que eu o dito ... con o dito ....de vós *pera* todo senpre jamays a vós

Rodrigo de... lugar de Cabanas, fregresía de Santo Estebo de Yrees, e a vosa moller ...  
 Fernandes e pera vosas vos es pera todo senpre jamays ... asy vendemos hua leyra de erdade que  
 foy do dito Pero Pae , que ja enno dito lugar de Cabanas, fregresía sobredita de San Estebo de  
 Yrees, como testa por .... erdade de San Juán de Caabeyro que está da outra parte, e a outra  
 erdade de San Juán de Caabeyro e da outra parte ... do paleyro e por outras suas devysoes, o qual  
 dito leyro darriba ... ditos marcos nós a vós vendemos por preso e contía de seysçentos  
 morabedís de moeda vella vr... dereitos, forros de.... seysçentos morabedís da dita moeda vós  
 logo nos destes e entregastes en hua ... e hun cruzado de oro ... dez pares de vranças que  
 montaron a dita contía de morabedís dos quaes nós outorgamos por ven pagos e entregos a todo  
 noso pla er e vontade por quanto los r... segundo yo en presenza de notario... son quytos?, e  
 obrigamos a nós e aos outros vosos ... ..foron e ficaron da dita ? ... de vós la fa er saa e de paz  
 ... dito tempo .... he so pena del dobro da dita contía ... qyer que des oje este día sobre la dita  
 leyra que seja por vós e en voso nome e que fagades dela ou de qualquer parte dela todas aquelas  
 erdades quiserdes e por ven teverdes como de vosa cousa propria que ... deve seer por virtud  
 desta dita carta.

Feita a carta na vila da Pontedeume, a vynte e tres días do mes de março, anno do  
 naçemento de noso señor Jhesuchristo de mille e quatroçentos e oynta e nove anos.

Testigos: Vasco do Casal, e Pero ..., ve inos de la dita fregesía; e Pero Monteyro,  
 ve ino da dita vila.

Eu Afonso Farina, escripvano de noso señor el rey e seu notario público ena sua  
 corte e en todos los seus reynos e señoríos a esto que dito he con ... ditas testemoyas fuy presente  
 ...nome e signal que tal he en testemoyo de verdade. (*Signum*).

## 58

1490, xaneiro, 30. Santiago de Caaveiro.

*Gome Freire de Andrade, prior, e o convento de Caaveiro aforan a Lope de Castro e outros e á súas mulleres e fillos, a cada un na súa parte, varias leiras en Covelo, freguesía de Santa María de Doroña, pola cuarta parte das uvas que se produzan.*

A.- MADRID, A.H.N., Clero 493/5; cortesá; con varios descascados

Saban quantos esta carta de foro vyren como nós don Gómez Freyre d-Andrade,  
 prior del moesteyro de San Juán de Caaveyro, en hun con Lopo Fernande , cóengo do dito  
 moesteyro, e en nome de Alonso Lope e de Pero Lope e de Gyaa Vydal e de Pero das Vellas  
 e de Pero de Rifaz, canónigos del dito moesteyro que agora son e en nome e voz dos outros  
 suçesores que despoys de vos vyren en o dito moesteyro, por entendermos que he prol e boo  
 reparo del dito moesteyro, outorgamos e conoscoemos que aforamos e damos en nome de foro e  
 renda a vós Lopo de Castro e a vós Gonçalvo Varela e a vós Pero Lope da Castineyra e a vós  
 Lopo de Palaz e a vós Juán Alvelo, ve inos das fegresías de Santa María de Dorona e de San  
 Pedro de Grandal, e a vosas mulleres e de cada hun de vós, e a vós fray Juán de Vylaboa e a cada  
 hun de vós en aquela parte que agora levaba ou lle perteçia levar por seus antecesores e a vós ...  
 ve ino da fegresía de San Jurjo e a vosa moller en aquela parte que fasta agora levávades ou vos

